



**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

**Actividade** Convocatoria sesión extraordinaria Pleno  
**Número expediente** PLN/2024/5

**PLN/2024/5.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Sendo as dez horas e trinta e tres minutos do vinte e sete de marzo do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese aos efectos de celebrar a sesión ordinaria a pedimento da Xunta de Portavoces segundo acordo adoptado con data vinte de marzo de dous mil vinte e catro ao abeiro do establecido no artigo 30 do Regulamento Orgánico Municipal, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencias</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Iván Martínez González	Asiste
------------------------	--------

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora accidental, Dna. Mercedes Santiago Ocampo.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28.02.2024 (2024-0004).** Para os efectos previstos no artigo 91 do Rea Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sometida á consideración do Pleno, realízanse as seguintes intervencións:

- José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Indica que o contido da acta é correcto máis o seu grupo non está de acordo co medio de soporte instando a que se leven a cabo as actuacións necesarias para que se poda contar cun sistema de grabación de audio e imaxe e en tanto seguirán a manter a súa abstención.

- Evaristo Deus Deus: aclara que a abstención no voto na aprobación da acta producida na previa sesión ordinaria do Pleno correspondente co mes de febreiro respondía a unha cuestión meramente política pola que se pretendía criticar a postura do grupo de goberno máis agora van a votar a favor para que non se confunda a vontade política coa labor dos/as funcionarios/as e se rogará que se xestione un sistema que permita dotar dunha maior transparencia ás sesións do Pleno.

- Alcalde: non é falta de ganas. O problema é técnico e levan varias semanas falando primeiro cun electricista para que levase a cabo unha diagnose e ao igual actuouse co sistema de son. Non se trata tan só da substitución dos sistema led se non tamén de solventar as interferencias doutro tipo como as que se detectou producía a máquina do sistema público de emprego ddispoñible na entrada, e tras reunión mantida no día de onte





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

entres técnicos, elaborárase un orzamento para dotar de autonomía a grabación en formato de imaxe e son das sesións e posteriormente levarase a cabo o cambio do sistema de luces led.

Será cuestión de pouco tempo e dentro dese orzamento dáse cobertura a unha cámara para poder grabar e retransmitir en streaming as sesións. Non é un problema sinxelo e de carácter técnico para o que advirte será necesario levar a cabo unha modificación de crédito.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria o borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 28.02.2024, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	Abstención	A favor

En función do resultado obtido o Pleno prestou aprobación a acta.

**2º.- MEDIO AMBIENTE.- EXPEDIENTE 586/2024. PLANS DE CALIDADE AMBIENTAL. ADHESIÓN Á REDE DE PRAIAS SEN FUME.** Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs realizada con data 21.03.2024 emitíndose o seguinte ditame:

**“2 Expediente 586/2024. Plans de Calidade Ambiental. Adhesión á Rede de Praias sen Fume.**

**Consta no expediente** proposta asinada polo concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2023) con data 15.03.2024:

#### **“PROPOSTA**

A Consellería de Sanidade ven desenvolvendo a iniciativa Rede de Praias sen Fume dende o ano 2016, enmarcada no obxectivo xeral de acadar unha sociedade en tabaco perseguindo os seguintes obxectivos específicos:

- Promover unha vida sen tabaco.
- Desnormalizar o consumo de tabaco na sociedade
- Reforzar o papel modélico positivo das familias
- Promover praias que respecten e coiden o medio ambiente





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

O concello de Mugarbos conta xa con experiencias neste ámbito que valora positivamente como axente de divulgación e difusión das políticas públicas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, cuxa participación implica dúas obrigas esenciais:

- Desenvolver unha actividades ou accións encamiñadas a lograr unha sociedade libre de tabaco.
- Sinalizar o areal de Bestarruza cos materiais facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública (bandeira, carteis..)

Nun paso máis, por medio da presente, en exercizo das competencias conferidas a esta concellería delegada de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs por RA núm. 2023-0615, de 26.06.2023 e do establecido no artigo 25.2º.b) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, elévase ao Pleno a seguinte **proposta de acordo**:

**Primeiro.-** Prestar aprobación á adhesión á adhesión permanente á Rede Galega de Praias Sen Fume para o areal de Bestarruza, asumindo o compromiso de cumprir cos requisitos da rede, habilitando ao concelleiro/a delegado/a de área en cada momento ou ao alcalde/sa segundo corresponda, para prestar aprobación anualmente ao plan de acción e remisión da información requirida á Consellería de Sanidade e solicitude de acreditación acadada.

**Segundo.-** Designar como interlocutor coa responsable do PGPVST ao concelleiro delegada de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2023).

**Terceiro.-** Prestar aprobación ao seguinte plan de acción e calendario para o ano 2024:

<b>Plan e calendario de actuacións</b>	
Ata o 31.03.2024	Adhesión permanente á rede con petición de material
Maio 2024	Actividades de divulgación, información e sensibilización mediante a distribución de carteis entre os establecementos abertos ao público con especial atención aos próximos ao areal de Bestarruza.
31.05.2024 Mundial Tabaco	Día sen Colocación de stand informativo na Casa do Concello, na zona con maior afluencia de veciñanza xunto coa divulgación de información na páxina web e redes sociais do concello.
Xuño a setembro 2024	Colocación de estruturas e sinalización exterior con motivo da apertura do areal de Bestarruza ao público, tempada estival.
Novembro 2024	Avaliación das iniciativas: Número de visitas ao link da páxina web e tempo de lectura medio. Informe a subministrar polo servizo/empresa encargada da limpeza de praias.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Permanente anual	Panel informativo na páxina web do concello nun lugar visible que permita difundir de xeito accesible e permanente a información subministrada e no seu caso a pílulas de sensibilización.
------------------	--

**Cuarto.-** Solicitar da consellería de Sanidade, dirección Xeral de Función Pública para tal efecto:

- Unha (1) bandeira.
- Dúas (2) estruturas de sinalización.
- Tres (3) carteis de sinalización exterior.
- Tres (3) carteis grandes de sinalización exterior.
- Corenta (40) carteis pequenos para a difusión da actividade.
- Douscentos folletos (200) informativos e de sensibilización.

Quinto.- Remitir solicitude de participación cunto coa información requirida antes do 31.03.2024.”

Interven o presidente: Nos cremos que esta iniciativa é algo apropiado e non é obrigatorio, optaríamos á opción “Categoría Prata”.

Pide a palabra o sr. Cartelle Cudilleiro: Xunto co esto tamen se fai campaña de concienciación para deixar de fumar.

Pide a palabra o sr. Fernández Fernández: Intentar que quede clara a sinalizaicón para os usuarios/as da praia; esta ben como campaña de concienciación.

Interven a sra. González Lorenzo: Queda claro que é recomendación.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

**En atención ao resultado acadado, a Comisión Informativa emite o seguinte ditame para a súa elevación ao Pleno:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación á adhesión á adhesión permanente á Rede Galega de Praias Sen Fume para o areal de Bestarruza, asumindo o compromiso de cumprir cos requisitos da rede, habilitando ao concelleiro/a delegado/a de área en cada momento ou ao alcalde/sa segundo corresponda, para prestar aprobación anualmente ao plan de acción e remisión da información requirida á Consellería de Sanidade e solicitude de acreditación acadada.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**Segundo.-** Designar como interlocutor coa responsable do PGPVST ao concelleiro delegada de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2023).

**Terceiro.-** Prestar aprobación ao seguinte plan de acción e calendario para o ano 2024:

Plan e calendario de actuacións	
Ata o 31.03.2024	Adhesión permanente á rede con petición de material
Maio 2024	Actividades de divulgación, información e sensibilización mediante a distribución de carteis entre os establecementos abertos ao público con especial atención aos próximos ao areal de Bestarruza.
31.05.2024 Día Mundial do Tabaco	Colocación de stand informativo na Casa do Concello, na zona con maior afluencia de veciñanza xunto coa divulgación de información na páxina web e redes sociais do concello.
Xuño a setembro 2024	Colocación de estruturas e sinalización exterior con motivo da apertura do areal de Bestarruza ao público, tempada estival.
Novembro 2024	Avaliación das iniciativas: Número de visitas ao link da páxina web e tempo de lectura medio. Informe a subministrar polo servizo/empresa encargada da limpeza de praias.
Permanente anual	Panel informativo na páxina web do concello nun lugar visible que permita difundir de xeito accesible e permanente a información subministrada e no seu caso a pímulas de sensibilización.

**Cuarto.-** Solicitar da consellería de Sanidade, dirección Xeral de Función Pública para tal efecto:

- Unha (1) bandeira.
- Dúas (2) estruturas de sinalización.
- Tres (3) carteis de sinalización exterior.
- Tres (3) carteis grandes de sinalización exterior.
- Corenta (40) carteis pequenos para a difusión da actividade.
- Douscentos folletos (200) informativos e de sensibilización.

**Quinto.-** Remitir solicitude de participación cunto coa información requirida antes do 31.03.2024.”





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Con carácter previo ao inicio da deliberación deste punto da orde do día toma a palabra o Alcalde e presente o sentido e finalidade da proposita ditaminada.

Primeira quenda de intervencións	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	O seu grupo xa votou favorablemente na previa Comisión Informativa. Trátase dunha cuestión meramente voluntaria para as persoas usuarias da praia, máis tratándose dun tema de saúde e importante e positivo. E considera que en materia de saúde pública, o concello tamén debe levar a cabo unha campaña de recollida dos residuos das mascotas. E ademais dos paneis, sería necesario que se acometese unha limpeza do areal así como que se realizasen outras actuacións en materia de accesos, caseta de socorrismo (servizos de auga corrente...etc).
<b>Portavoz BNG</b>	Adianta o voto a favor do seu grupo, adheríndose as propostas previamente formuladas polo grupo PsdG-PSOE. E pregunta os custes que reportará ao concello a iniciativa como é o propio material.
<b>Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs</b>	É a Xunta de Galicia a que financia o material a distribuir aos concellos que se sumen á iniciativa.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Prestar aprobación á adhesión á adhesión permanente á Rede Galega de Praias Sen Fume para o areal de Bestarruza, asumindo o compromiso de cumprir cos requisitos da rede, habilitando ao concelleiro/a delegado/a de área en cada momento ou ao alcalde/sa segundo corresponda, para prestar aprobación anualmente ao plan de acción e remisión da información requirida á Consellería de Sanidade e solicitude de acreditación acadada.

**Segundo.-** Designar como interlocutor coa responsable do PGPVST ao concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2023).

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**Terceiro.-** Prestar aprobación ao seguinte plan de acción e calendario para o ano 2024:

<b>Plan e calendario de actuacións</b>	
Ata o 31.03.2024	Adhesión permanente á rede con petición de material
Maio 2024	Actividades de divulgación, información e sensibilización mediante a distribución de carteis entre os establecementos abertos ao público con especial atención aos próximos ao areal de Bestarruza.
31.05.2024 Mundial Tabaco	Día sen maior colocación de stand informativo na Casa do Concello, na zona con maior afluencia de veciñanza xunto coa divulgación de información na páxina web e redes sociais do concello.
Xuño a setembro 2024	Colocación de estruturas e sinalización exterior con motivo da apertura do areal de Bestarruza ao público, tempada estival.
Novembro 2024	Avaliación das iniciativas: Número de visitas ao link da páxina web e tempo de lectura medio. Informe a subministrar polo servizo/empresa encargada da limpeza de praias.
Permanente anual	Panel informativo na páxina web do concello nun lugar visible que permita difundir de xeito accesible e permanente a información subministrada e no seu caso a pílulas de sensibilización.

**Cuarto.-** Solicitar da Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Función Pública para tal efecto:

- Unha (1) bandeira.
- Dúas (2) estruturas de sinalización.
- Tres (3) carteis de sinalización exterior.
- Tres (3) carteis grandes de sinalización exterior.
- Corenta (40) carteis pequenos para a difusión da actividade.
- Douscentos folletos (200) informativos e de sensibilización.

**Quinto.-** Remitir solicitude de participación cunto coa información requirida antes do 31.03.2024.

**3º.- SECRETARÍA.- POS+ ADICIONAL 2/2023. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS E SIMOU.-** Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de







Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs realizada con data 21.03.2024 emitíndose o seguinte ditame:

**“3 POS+ADICIONAL 2/2023. Aprobación proxecto modificado das obras de mellora de viais municipais: Rúa Casás e Simou.**

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

**En atención ao resultado acadado, a Comisión Informativa emite o seguinte ditame para a súa elevación ao Pleno:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación, ao proxecto modificado: “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASAS E SIMOU”, polo importe de 200.772,87 € euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Antonio José Durán Mancíñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 26.02.2024, e que figura incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023.”

Primeira quenda de intervencións	
<b>Concelleiro delegado de área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs</b>	Presenta a proposta e os cambios realizados no proxecto e o novo tramo incluído.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Xa se falou no pleno anterior. Son actuacións moi necesarias como outras coma poda ser Simou. Este tipo de inversión da Deputación vai en función da poboación dos concellos e antes o criterio de distribución de fondos era discrecional. Quere advertir o problema das cunetas que poden ser perigosas para a seguridade viaria de forma que na execución das obras se preste a debida atención. Son ademáis zonas de moito paseo e acceso ao parque. Lembra as obras aprobadas do POS en Pleno que todavía están sen executar (e cita as pendentes). Polo que insta a que se leven a cabo e se materialicen en canto necesarias.
<b>Portavoz BNG</b>	Adianta o voto a favor do seu grupo máis quere facer un par de rogos, un para o camino de Roibeiras que é unha vía pública para a que solicitan a actualización do Inventario antes da rectificación anual. E se se pode que se executen as obras pendentes do POS.
<b>Portavoz PP</b>	

Segunda quenda de intervencións	
<b>Portavoz PP</b>	É certo que hai problema de titularidade de camiños. E o principal





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	problema segundo conversa con secretaría é xustificar documentalmente que é público. Adianta que se vai a levar a CI Urbanimo unha iniciativa asociada xa executada no mandato anterior de soporte dos camiños municipais para afondar no asunto, con especial atención na xustificación da <u>propiedade que é o que aconsella</u>
<b>Portavoz BNG</b>	Solicita que se eleven á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo a listaxe das incidencias que respondan á mesma natureza.
<b>Alcalde</b>	Remata a quenda de intervencións manifestando que se están a priorizar traballos de forma que no primeiro no que se podan iniciar as actuacións sexa Simou.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno de conformidade co establecido no art. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Prestar aprobación, ao proxecto modificado: “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASAS E SIMOU”, polo importe de 200.772,87 € euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Antonio José Durán Manciñeira (PROYFE S.L.) e asinado dixitalmente en data 26.02.2024, e que figura incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023.

**4º.-SECRETARÍA.-EXPEDIENTE 643/2024.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0318 DE DATA 20.03.2024, SOBRE ADHESIÓN AO PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO PADRÓN DAS ENTIDADES LOCAIS.-** Dase conta da Resolución de Alcaldía núm. 2024-318, de 20.03.2024:

“**RESOLUCIÓN.** Con data 19 de marzo de 2024 recíbese comunicación electrónica da Deputación provincia de A Coruña dando conta da apertura de “Procedemento para a adhesión ao Proxecto de transformación dixital do padrón das entidades locais (Orde TER/1235/2023)”.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Segundo o seu contido a adhesión ten por obxecto: "...O punto de partida é a posta en marcha no 2022 do proxecto do Padrón Online, que ten como obxectivo pasar dunha xestión do padrón actual baseada en envíos mensuais de rexistros donde a información do habitante e do territorio vai mezclada, a un sistema de información baseado en envíos online de rexistros donde os datos persoais e os territoriais estean separados. Isto implica:

- dispoñer dun novo sistema de xestión da información territorial que permita manter as vivendas

perfectamente identificadas separando ao habitante do territorio no que reside

- dispoñer dun padrón actualizado en tempo real, cun novo sistema de intercambio de información padroal coINE baseado en comunicacións inmediatas.

Nesta liña, modificouse a Lei 7/85 de Bases do Réxime Local (BOE do 20/12/2023), incorporando como dato obrigatorio a referencia catastral, e o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial (BOE do 07/02/2024), que ademáis de incluír como dato obrigatorio do domicilio a referencia catastral establece un sistema de intercambio en tempo real. fixando un período transitorio para a entrada en vigor desta norma ata o 31/08/2026.”.

Comunicación precedida pola previamente remitida pola Presidencia (número rexistro de entrada 2024-E-RC-1085, de 14.03.2024) "...Unha das actuacións subvencionables é a posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal. A finalidade é que cada concello dispoña dunha base de datos de vivendas actualizada e unificada identificando cada unha delas cun código único. Esta Deputación vai participar nesta convocatoria de axudas. Dende aquí levaremos a cabo a contratación dos traballos a realizar, pero para obter resultados satisfactorios é preciso contar coa vosa colaboración.”

Conforme ao artigo 17.1º da indicada Lei: “A xestión do Padrón municipal levará polos Concellos con medios informáticos. As Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, Cabidos e Consellos insulares asumirán a xestión informatizada dos Padróns dos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan manter os datos de forma automatizada”

O proxecto a por en marcha pola Deputación iría encamiñado a dar cumprimento a tal previsión ao abeiro do establecido no artigo 36 da mesma norma, sen que o concello poda por si mesmo asumir as novas obrigas, sendo xa a propia Deputación provincial na que na actualidade da soporte á prestación de dito servizo municipal de obrigatoria prestación.

Polo que sen prexuízo da tramitación complementaria que no seu caso sexa necesario levar a cabo nos termos do informe da secretaria do concello de 21.03.2024, por medio da





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

presente, de acordo co establecido no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por medio da presente, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación á adhesión ás seguintes actuacións a realizar pola Deputación Provincial da Coruña no marco da Orden TER/1235/2023, do 15 de novembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2023 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:

- Actuación 1: Posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio de ámbito municipal.

**Segundo.-** Designar á empregada pública responsable do Padrón municipal como a persoa de contacto aos efectos de colaborar e proporcionar a información necesaria dentro do alcance dos traballos a realizar na Posta en marcha dun novo sistema de xestión da información sobre o territorio municipal.

**Terceiro.-** Autorizo á Deputación da Coruña ao tratamento dos ficheiros proporcionados polo INE para a consecución dos obxectivos do proxecto

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na sesión sesión ordinaria para a súa ratificación.

**Quinto.-** Proceder á remisión da adhesión dentro do prazo máximo marcado pola Deputación Provincia de A Coruña.”

Con carácter previo ao exame e deliberación, tras a previa intervención do Alcalde xustificando o Decreto de referencia para que o concello de Mugardos se adheriese en tempo e forma ao Proxecto de transformación dixital do padrón das entidades locais promovido pola Deputación provincial, procede por non ter sido elevado o expediente á consideración de Comisión Informativa algunha, a ratificación da súa inclusión na orde do día nos termos do artigo 82.3º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Oragnización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acadándose o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

Non subscitándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado obtido, de conformidade co establecido no artigo 21.1º.k) e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Pleno adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Ratificar en todos os seus extremos e pronunciamentos a Resolución de Alcaldía núm. 2024-318, de 20.03.2024 transcrita no presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial de A Coruña para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG ASUMINDO COMO PROPIA A PROPOSTA-MOCIÓN PRESENTADA POLA CIG SOBRE “PROPOSTAS DA CIG NA CAMPAÑA STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO..-** Escrito de moción elevado á consideración da Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 20 de marzo de 2023:

“ ...

**“5.1º.-Proposta de moción CIG “STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO” (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RC-1048 de 13.03.2024)**

Proposta de moción que para ser elevada á consideración do Pleno pasa a ser asumida segundo a súa Voceira polo grupo municipal BNG.

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Durante a lectura da moción, o Alcalde por motivos persoais abandona o salón de sesión, pasando a asumir a presidencia da sesión a primeira Tenente de Alcalde, incorporándose novamente antes de que inicie o debate do asunto.

Primeira quenda de intervencións	
<b>Portavoz BNG</b>	Asumida na Xunta de Portavoces polo BNG pola súa importancia e transversalidade da acción, repasando de seguido os pronunciamentos da moción.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Avanza que o seu grupo vai a abster na votación xa que o Goberno do Estado está xa a adoptar medidas pese a estar nun momento complexo

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	Abstención	A favor	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno de conformidade co establecido no art. 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno galegoá urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

**Segundo.-** Demandar do Goberno español a derogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

**Terceiro.-** Reclamar do goberno galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días-a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PLAN ECONÓMICO DO GOBERNO PARA AFRONTAR AS FACTURAS SEN PAGAR.-** Moción de cuxa presentación se deu conta na Xunta de Portavoces realizada con data 20 de marzo de 2024:

**“5.2º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL CIG (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-668, de 18.03.2024)**”

Moción que responde ao seguinte texto:

**“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:  
PLAN ECONÓMICO DO GOBERNO PARA AFRONTAR AS FACTURAS SEN PAGAR EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Á luz das recentes novas que nos colocan como o segundo concello da provincia da Coruña na demora de pagos das débedas e sabendo que levamos dende o ano 2021 inclumplindo o Periodo Medio de Pago, con facturas pendentes dende haimoitos anos e sen plan financeironinorzamentos actualizados dende o 2022.

O grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Concello de Mugardos a adopción do seguinte acordo: PROPOSTA DE ACORDO:

1. Que atendendo ao anterior, fáganse as actuacións necesarias para realizar un Plan económico para acceder aos fondos de financiación de entidades locais e realizar os pagos para axilizar os pagos dende a nosa administración.
2. Que se leve á comisión pertinente o expediente de depuración dos saldos pendentes de cobro e informar aos grupos municipais do estado das contas”

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
<b>Portavoz BNG</b>	Non debe ser interpretado como un ataque directo se non como proposta de medidas para facer un plan económico que posibilite mellorar o periodo medio de pago e outros problemas existentes. E pasa de seguido a dar lectura á moción.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Coincide co obxecto da moción. Levan moito tempo solicitando que se solventen ditos problemas e pedindo información da que seguen a carecer. E así as consideracións que leva a cabo a intervención municipal nos seus informes de fiscalización. Remata a súa intervención avanzando o voto a favor do seu grupo.
<b>Portavoz PP</b>	As contas do concello se analizan todos os anos no expediente da Conta





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	<p>Xeral. En todos esos expedientes consta unha providencia para que se fixese o plan ao que facían referencia. Agradecen o carácter consultivo da moción. Analiza os problemas de liquidez imputados e por iso xustifica, se solicitaba a delegación á Deputación que pon a disposición anticipos. Non hai tempo material nin medios para levar a cabo todo o procedemento do que fala a normativa tal e como trasladan dende intervención e tesourería. Como goberno están de acordo así como co expediente de depuración de saldos e hai que levalo en paralelo coa Conta Xeral. E reiteran a súa proposta para emendar os pronunciamentos da moción incluíndo a delegación da cobranza dos ingresos tributarios do concello.</p>
--	--

Segunda quenda de intervencións	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Replica ao portavoz do grupo municipal PP que tamén nos últimos informes da intervención municipal poñen de manifesto a insuficiencia de recursos para facer falta aos gastos e iso non ten que ver coa liquidez e por tanto coa proposta de delegación da xestión recadatoria na Diputación, invitando ao goberno a ler os informes completos.
<b>Portavoz PP</b>	Aclara que sí que lle da lectura, sendo a falta de liquidez unha consecuencia derivada da insuficiencia de recursos.
<b>BNG</b>	A moción é resultado das conversas cos técnicos e para poder acceder ao Fondo de liquidez é necesario facer o Plan e aprobalo no Pleno. O seu grupo votou en contra da delegación por que non hai un plan de atención á veciñanza e non se presentou en comisión ningunha. E mentras non esté rexeitan a emenda. Indica a petición de Alcaldía que a forma de atención á veciñanza á que se refire é na forma en que se fai agora na oficina de recadación xa que acudir a Ferrol implica demora e desprazamentos, polo que non queren prescindir do servizo, polo que solicitan un plan de xestión que acolla a forma de prestación e permita reabsorber ao persoal.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria tras aclaración dos seus termos polo Alcalde (considérase rexeitada a emenda á moción), acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	Abstención







Concello de Mugardos  
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado o Pleno, de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Levara cabo as actuacións necesarias para realizar un Plan económico para acceder aos fondos de financiación de entidades locais e realizar os pagos para axilizar os pagos dende a nosa administración.

**Segundo.-** Que se leve á comisión pertinente o expediente de depuración dos saldos pendentes de cobro e informar aos grupos municipais do estado das contas.

#### **7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O MERCADO MUNICIPAL.**

**“5.3º.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE (2024-E-RPLN-7, de 19.03.2024)**

Moción que tras unha exposición de motivos eleva á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

“... ”

1. Instamos al goberno municipal a proyectar la demolición de la nave anexa al mercado municipal y la adecuación de la zona para uso público.
2. Proyectar la rehabilitación del mercado municipal para que pueda atraer la instalación de nuevos puestos.
3. A realizar una campaña de promoción del comercio local incidiendo en la promoción del Mercado de San Telmo.”

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que sexa elevada a Pleno.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Da lectura ao escrito da moción e presenta o punto. Describe o mal estado de parte das instalacións e estima que hai que buscar unha solución.
<b>Portavoz BNG</b>	Adianta o voto a favor do seu grupo. Houbo varios proxectos e solicita que o derradeiro se eleve á consideración da Comisión Informativa pertinente para informar sobre o estado dese proxecto do que non se ten falado.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>Portavoz PP</b>	Indica que se elevará á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo. Os primeiros puntos da moción están nos dous proxectos. O último é bastante máis ambicioso, sendo o anterior emáis modesto. O principal problema é a liña de financiamento. Están pendentes da constitución da nova Xunta para abordar as novas liñas de axudas. Non hai sesión de Pleno non que non se fale de comprar ou facer cousas máis existe un problema para pagar facturas e solicita a inclusión dun novo pronunciamento nos acordos a adoptar que inste a busca de fondos doutras AAPP.
--------------------	--

<b>Segunda quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Non hai problema e ese é o traballo do goberno municipal. O que cabería levar a cabo é separar dous proxectos que son diferentes e buscar financiamento de forma separada e con elo se admite a emenda.
<b>Portavoz BNG</b>	En canto á busca de financiamento. Fai meses que anunciaron en Pleno que hai unha liña para mercados excelentes e examinar se o proxecto actual ten cabida nesa liña. Aínda que existe un problema de financiamento tamén de orzamento e de planificación a longo prazo de varios mandatos. Non pode ser que cada goberno faga modificacións nos proxectos para deixar a súa impronta, reiterando o voto a favor do seu grupo.
<b>Portavoz PP</b>	Agradece a admisión da emenda e se levará a Comisión Informativa máis coa advertencia de que non se realicen fraccionamentos ou que se poda tramitar como obra completa.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Agrade o apoio recibido á moción presentada.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado o Pleno, de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Instar ao goberno municipal a proxectar a demolición da nave anexa ao mercado municipal e a adecuación da zona para uso público.





**Concello de Mugar dos**  
(A Coruña)

**Segundo.-** Proxectar a rehabilitación do mercado municipal para que poida atraer a instalación de novos postos.

**Terceiro.-** A realizar unha campaña de promoción do comercio local incidindo na promoción do Mercado de San Telmo.

**Cuarto.-** Instar doutras Administracións Públicas a colaboración no financiamento das actuacións que sexa así necesarias.

## **8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES**

Non se formulan.

**9º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-**  
Dáse lectura pola secretaria á dilixencia asinada con data 21.03.2024:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia.

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña e téndose efectuado o aboamento ao Concello por parte da Deputación Provincial da Coruña.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interioro inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto.

**MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES.** Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

**EXPEDIENTE 2336/2023. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 03/2023.** Unióanse certificacións dos acordos ao expediente epola Resolución da Alcaldía núm. 2024-0058 acordouse ordenar o pago das cotas da Comunidade de Propietarios de Castelao 1-3-5-7.

**EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023).** Pendente de pronunciamento sobre a solicitude presentada.

**EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.** Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación de deficiencias padecidas na documentación presentada para a participación no Plan.

**EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios; téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada coa solicitude de participación no Plan, subsanación que se ten levado a cabo mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 28.02.2024.

EXPEDIENTE 346/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ARRANXO DE EDIFICIOS PÚBLICOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS NECESARIAS PARA DOTAR DE SEGURIDADE AOS CAMIÑOS MUNICIPAIS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

**10º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O2024-0184 AO 2024-0318 .**

O Pleno da por realizado o trámite.

**11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

<b>ROGOS</b>	
<b>Portavoz PSOE</b>	<p>Na derradeira sesión plenaria e na desenvolvida no mes de xaneiro formulouse unha pregunta sobre se ía a publicar o calendario de pagos e non se fixo. Hai un ano de demora polo que roga que se facilite á veciñanza.</p> <p>A Policía Local esta semana ten o equipo da DGT, solicitando que na Comisión Informativa se informe da finalidade, tempo etc</p>





Concello de Mugarbos  
(A Coruña)

<b>Portavoz BNG</b>	<p>Rogo</p> <p>Queren por a atención nun tema recorrente para a veciñanza como é a recollida de enseres. Polo que instan a que se faga un plan de concienciación á veciñanza, recoñecendo que é un tema complexo máis sí necesario e visible en todo o concello.</p> <p>Rogo</p> <p>Realizan un rogo sobre unha cuestión xa comentada na Comisión Informativa de Urbanismo, para que con motivo da tempada estival, de non contar con máis recursos humanos para a Policía Local se artelle algún sistema para que se poda solventar os problemas da veciñanza cando se bloquea ou se impida a saída de vehículos.</p> <p>Rogo</p> <p>Xa que hai un regulamento da lingua e moción de política lingüística aprobada roga que se cumpra xa que hai documentos internos nos que non se está asumindo ese compromiso.</p> <p>Rogo</p> <p>Reitérase a petición para o arranxo de micros e grabación de audios sen que se articule solución ninguna e non se coide este aspecto.</p> <p>Rogo</p>
---------------------	---





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

	<p>Dende que se xubilou persoal de tesourería todavía non se solventou o tema de selección nin de substitución por listaxe temporal e agora se fai doutra forma mediante persoal doutros concellos con realización de horas extras.</p> <p>Que se publique a convocatoria das sesións do Pleno nas redes sociais do concello.</p>
--	---

### PREGUNTAS

<p><b>Portavoz PSdG-PSOE</b></p> <p>(número rexistro 2024-E-RPLN-8, de 26.03.2024)</p>	<p>Pregunta</p> <p>En relación con sentenza recibida no concello pola que se condena ao concello a que entre outros extremos se abone a persoa traballadora unha indemnización de 31.000,00 euros por vulneración dos dereitos dos traballadores.</p> <p><u>Resposta portavoz PP:</u> Cando exista unha sentenza por vulneración de dereitos dos traballadores.</p> <p>Pregunta</p> <p>Respecto á exposición “museos de ferrolterra 2024” no museo naval de Ferrol. Non contando con material dispoñible do Museo Caldoval, se pregunta qué preparou o concello de Mugarbos para promocionar o museo de Caldoval na exposición.</p> <p><u>Resposta concelleira delegada de Cultura, Turismo e Deportes:</u> Houbo una petición polo Museo Naval para ceder pezas, tras o cal dirixe consulta a secretaría para coordinación de seguros. Escasos días</p>
--	--





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<p>antes da realización da inauguración dase conta que o Museo Naval non se fará cargo e que cada Museo debe levar a cabo a cobertura dos seus propios riscos sen que se tivese resposta do seguro. O Alcalde presente na inauguración preguntou se se podían dar outro tipo de información e tras preparar o material (trípticos e paneis informativos), darase traslado ao Museo Naval. Describe para rematar a súa intervención, como serán os paneis.</p>
--	---

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as once horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

DD8DFB857F928F34B92ECB35CFCF7D09B666DCC5E4CAEC23EAEB7CC131E0CC80

Visto e praxe

O Presidente

Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

